

1º BAC - ARTES

En 1º de Bacharelato de Artes tedes 7 materias troncais obrigatorias e a opción de elixir a primeira lingua estranxeira entre:

- Inglés
- Francés
- Portugués

- ✓ Tendo en conta que son materias de continuidade e deberedes ter coñecementos previos da ESO para poder cursalas satisfactoriamente.
- ✓ No caso de portugués considérase ter coñecementos previos ter cursado Lingua e Literatura Galega no ano anterior.

Ademais deberedes elixir unha de entre:

❖ HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORANEO


- Descrición da materia:

Coñecemento e comprensión do mundo actual, o seu carácter formativo, a formación de cidadáns e cidadás responsables, conscientes dos seus dereitos e obrigas, así como da herdanza recibida e o seu compromiso coas xeracións futuras. Unha visión de conxunto dos procesos históricos fundamentais no mundo, prestando unha especial atención e España e Galicia.

Iniciase no Antigo Réxime e a súa crise, a partir da Revolución Industrial e as súas consecuencias, chegando ao século XX, facendo especial fincapé na Europa de entreguerras e na segunda Guerra Mundial.

- Contidos:
 - O Antigo Réxime
 - As revolucións industriais e as súas consecuencias sociais
 - A crise do Antigo Réxime
 - A dominación europea do mundo e a I Guerra Mundial
 - O periodo de entreguerras, a II Guerra Mundial e as súas consecuencias
 - Evolución de dous mundos diferentes e os seus enfrontamentos
 - A descolonización e o terceiro mundo
 - A crise do bloque comunista
 - O mundo capitalista na segunda metade do século XX
 - O mundo actual desde unha perspectiva histórica
 - A historia contemporánea: o tempo histórico. Métodos e ferramentas propias da disciplina.

- Metodoloxía:
 - Traballo individual e por equipos
 - Desenvolvemento do sentido crítico



❖ LITERATURA UNIVERSAL

- Descrición da materia:

A lectura de textos procedentes da literatura universal intervén no proceso de maduración afectiva, intelectual e estética do alumnado. Desenvolvemento de coñecementos literarios.

- Contidos:
 - Procesos e estratexias
 - Os grandes periodos e movementos da literatura universal
- Metodoloxía:
 - Lectura de textos

Por último, no bloque de materias específicas teredes que cursar un mínimo de 2 e un máximo de 3, e terán que sumar 6 horas lectivas semanais:

Deberedes elixir entre a opción A e a opción B, e completar ata 6 horas co resto de materias.


Opción A:

❖ DEBUXO ARTÍSTICO I - 3 hrs

- Descrición da materia:

Destrezas e concepto do debuxo como ferramenta de pensamento na que participa o proceso creativo, comunicativo, plástico e visual. Coñecementos teóricos, técnicos e estéticos.

- Contidos:
 - O debuxo como ferramenta
 - Línea e forma
 - A composición e os seus fundamentos
 - A luz. O claroscuro e a textura.
 - A cor
- Metodoloxía:
 - Do particular o xeral
 - Deseño de proxectos globais
 - Desenvolvemento do potencial creador
 - Fundamentalmente práctica



Opción B:

❖ DEBUXO TÉCNICO I – 4 hrs

- Descrición da materia:

Comunicarse graficamente con obxectividade nun mundo complexo. Medio de comunicación en calquera proceso de investigación e proxecto, interpretación de documentación gráfica elaborada acordo a norma nos sistemas de representación convencionais. Comprender a complexa información gráfica que nos rodea.

- Contidos:

- Xeometría e debuxo técnico
- Sistemas de representación
- Normalización

- Metodoloxía:

- Transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos
- Análise e representación da realidade
- Metodoloxía fundamentalmente práctica

Comúns as dúas opcións:

❖ VOLUME – 3hrs (recoméndase pola opción A)

- Descrición da materia:

Estudo específico do espazo tridimensional e o volume no ámbito da expresión artística. Permite un coñecemento directo das cualidades físicas, espaciais, estruturais e volumétricas dos obxectos.

- Contidos:


- Técnicas e materiais de configuración
- Elementos de configuración formal e espacial
- Análise da representación tridimensional
- O volume no proceso de deseño
-

- Metodoloxía:

- Análise de manifestacións artísticas o no artísticas
- Desenvolvemento da sensibilidade estética
- Metodoloxía práctica

❖ ANÁLISE MUSICAL I – 3 hrs

- Descrición da materia:



Comprender a música en tódalas súas dimensións e poder desfrutar de ela en profundidade. Afondar nas características das obras musicais a través do coñecemento dos elementos e procedementos básicos da música. Comprensión dos elementos que constitúen a forma musical, a súa evolución e a maneira en que foron buscada historicamente.

- Contidos:
 - Iniciación aos elementos analíticos
 - A forma musical
 - As formas históricas

- Metodoloxía:
 - escoita
 - Recoñecemento de fragmentos
 - Potenciando a creatividade, comprensión e disfrute
 - Mellorar o oído, a atención, a concentración, a memoria, a curiosidade e a capacidade de relacionar o coñecemento musical

❖ LINGUAXE E PRACTICA MUSICAL -3 hrs

• Descrición da materia:
Permite aplicar, desenvolver e aplicar, con autonomía e en contextos diversos, os coñecementos e as capacidades que contribúen á adquisición da cultura musical. Comprensión y creación musical, la música como medio de expresión y comunicación.


- Contidos:
 - Destrezas musicais
 - A audición comprensiva
 - A teoría musical
 - A creación e a interpretación
 - As tecnoloxías aplicadas ao son
 -

- Metodoloxía:
 - Participación activa
 - Creación musical
 - Utilización de TICs

❖ ANTROPOLOXÍA – 2hrs

• Descrición da materia:
A antropoloxía como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida.

- Contidos:
 - A antropoloxía como saber
 - Antropoloxía física: hominización e humanización
 - Antropoloxía cultural
 - Antropoloxía social
 - Antropoloxía filosófica



- Metodoloxía:

- Desenvolvemento de habilidades prácticas
- Indagación
- Utilización de recursos tecnolóxicos

- ❖ COEDUCACION PARA O SÉCULO XXI – 2 hrs

- Descrición da materia:

Materia que contribúe á inclusión da igualdade de xénero e a prevención da violencia machista, abordando o concepto de coeducación en toda a súa diversidade e en conexión directa coa realidade. Ferramenta de comprensión da desigualdade por razón de xénero coa que analizar a evolución histórica e a situación actual.

- Contidos:

- Historia dos feminismos. Do patriarcado á reivindicación do principio de igualdade
- Feminidades e masculinidades. A construción de identidades igualitarias
- Expresión social da violencia contra as mulleres
- Proxecto coeducativo

- Metodoloxía:

- Estratexias comunicativas
- Metodoloxía activa e significativa
- Proxectos

- ❖ LITERATURAS HISPÁNICAS – 2 hrs

- Descrición da materia:

A lectura de fragmentos ou obras completas representativas das literaturas hispánicas. Abordar a lectura crítica de obras da literatura tanto española como hispanoamericana, a análise e a interpretación dos seus textos e dos autores e autoras máis salientables.

- Contidos:

- Literaturas hispánicas. Temas e formas
- Procesos e estratexias


- Metodoloxía:

- Lectura
- Relacionar contidos

- ❖ TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN I – 2 hrs

- Descrición da materia:

As tecnoloxías da información e da comunicación desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as nosas necesidades. Esta materia aportará ao alumnado as habilidades necesarias para adaptarse aos cambios do ámbito tecnolóxico



- Contidos:
 - A sociedade da información e o ordenador
 - Arquitectura de ordenadores
 - Software para sistemas informáticos
 - Redes de ordenadores
 - Programación

- Metodoloxía:
 - Actividades prácticas para o desenvolvemento de destrezas técnicas
 - Exposición de traballos
 - Resolución colaborativa de problemas
 - Utilización de recursos virtuais

- ❖ SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA A ELIXIR ENTRE:
 - FRANCÉS I – 2 hrs
 - PORTUGUÉS I – 2 hrs

Debido a número mínimo de alumnado para impartir as materias de opción, pídesevos que numeredes por orde de preferencia 3 materias de entre as seguintes:

- ❖ REFORZO EN PORTUGUÉS – 1hr

- ❖ FILOSOFÍA DAS RELIXIÓNS – 1 hr

- ❖ RELIXIÓN CATÓLICA – 1hr